



A ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA ALEGA DIANTE DO NOVO PLAN ESPECIAL DO PORTO DE MARÍN

A APDR ven de presentar alegacións no proceso de tramitación do Plan Especial de Ordenación do Porto de Marín, que pretende amparar os recheos realizados ilegalmente durante anos, cun argumento principal, o ilícito legal que suporía a aprobación do mesmo. A APDR, ven enfrontándose aos recheos dende que en 1994 -diante dunha primeira exposición pública dun Plan Especial Inicial- presentara as primeiras alegacións a aquel proxecto, facendo fincapé nas brutais modificacións que supuña este Plan Especial sobre o medio mariño e os recursos naturais; dende entón ven argumentando diante de diferentes proxectos, plans e outros documentos que implicaron afectación ás condicións hidrodinámicas na Ría de Pontevedra, e ven advertindo á Autoridade Portuaria do Porto de Marín e Ría de Pontevedra da ilegalidade de levar adiante recheos, que teñen suposto xa gañar ao mar moito máis de 300.000 m², sen realizar os imprescindibles estudos de previsión de efectos ambientais.

A través de escritos de alegacións, en conversas con responsables e técnicos da Autoridade Portuaria e por medio de recursos xudiciais, a APDR expresou sempre que uns recheos de tal magnitude haberían modificar, por forza, as correntes e danar ao medio ambiente e aos recursos da Ría de Pontevedra e insistiu na esixencia legal de levar a cabo estudos de impacto ambiental, advertindo da ilegalidade de non facelo. Os recheos comezaron e no ano 2000 a Xunta e a Deputación de Pontevedra aproban o Primeiro Plan Especial do Porto.

Dun modo que se fai evidente a simple vista, os recheos que se teñen realizado teñen suposto importantes cambios nos corpos sedimentarios do interior da Ría que teñen provocado unha transformación nas condicións ambientais e, como consecuencia, unha perda na produtividade dos bancos marisqueiros que ten levado á perda de máis de 400 postos de traballo nos bancos do interior existindo a ameaza de que esa degradación continúe.

Trala presentación de diversos recursos xudiciais, o 30 de outubro de 2009, a Sá do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo dita sentenza na que, estimando un recurso da Plataforma Defensora da Praza dos Praceres, impúgnase o Plan Especial do Porto e decláranse ilegais as obras de recheo realizadas ao amparo do mesmo (as máis importantes) ao tempo que se condena á Xunta de Galicia, á Deputación Provincial de Pontevedra (ambas responsables da tramitación e aprobación do Plan) e á Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra (como promotora e executora do mesmo) á reposición da zona portuaria á anterior situación e estado, é dicir á retirada dos recheos levados a cabo, sendo un dos argumentos fundamentais da sentenza a ausencia dun estudo de impacto ambiental previo.

A Autoridade Portuaria pretendeu entón apoiarse nunha modificación do Plan Especial aprobada en 2005 para xustificar que esta modificación daba cobertura legal aos recheos pero, unha nova sentenza, neste caso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia bota por terra esta falsa argumentación ao anular tamén esta modificación do Plan Especial.

Na actualidade, a Autoridade Portuaria do Porto de Marín, pretende legalizar o ilegalizado polo máis alto tribunal do estado cun documento delirante que se "esquece" da situación na que se atopan as áreas recheadas do porto e ordena e planifica sobre superficies absolutamente ilegais e por suposto expresa a súa pretensión de seguir cos recheos e dragados.

Non é propio dun estamento público como a Autoridade Portuaria provocar semellante degradación ambiental, social e económica e menos incumprindo a lei como ten concluído o Tribunal Supremo. Pero, ademais, abonda con observar o destino dado ás obras e recheos para concluír que a Autoridade Portuaria ten realizado estes recheos ilegais, non para o beneficio público, senón para o servizo case exclusivo de dúas empresas, Pérez Torres Marítima S.L. e Ceferino Nogueira S.A.. E a realización destas obras ilegais ten consumido grandes cantidades



de recursos económicos públicos que só no exercicio presupuestario de 2012 supoñen máis de 10 millóns de euros. Parecera que a crise non impide dilapidar diñeiro público en obras ilegais condenadas a ser retiradas.

A APDR ten baseado a súa alegación no feito de que é inútil elaborar un Plan Especial de Ordenación do Porto de Marín no que se pretenden legalizar recheos declarados de forma clara ilegais polo Tribunal Supremo e condenado, xa que logo a, ser anulado; o que corresponde é, atendendo á súa sentenza firme, iniciar a planificación e execución da retirada dos mesmos. Pero ademais quere facer ver que a aprobación deste Plan con consciencia plena da súa ilegalidade (e a situación de ilegalidade non deixa nesta caso lugar a dúbidas), suporía un delito de prevaricación de funcionario público establecido no artigo 404 do Código Penal. No caso de que a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, chegase a ditar resolución aprobando este Plan, a Asociación Pola Defensa da Ría procederá pola vía penal contra os responsables da decisión, particularmente contra os directivos e técnicos da Autoridade Portuaria, principais promotores destas actuacións.

Pontevedra, 23 de outubro de 2012
Benito Andrade, membro da APDR.